

# Obradoiro de fotografía documental de rúa impartido por Alberte A. Pereira

Organiza e promove:

**Galioart**

Colabora:

**Concello de Ortigueira.**

Número de alumnos:

**mín. 8 máx. 15.**

Datas:

**14, 15 e 16 de xullo.**

Lugar:

**Ortigueira (A Coruña)**

Charla teórica e visionado:

**Local de Galioart - Macelo s/n  
Ortigueira**

Prezo e inscricións:

**galioart.fotografia@gmail.com e no  
teléfono 652 659 387**

O obradoiro divídese en tres partes:

- Charla teórica.
- A parte práctica: o acto espontáneo e creativo de realizar as instantáneas.
- Visionado. Valoración e comentarios construtivos dos traballos realizados.

O taller desenvolverase en 5 sesións:

- **Día 14:** Sesión teórica pola tarde e visita ás zonas onde se desenvolverá o obradoiro.
- **Día 15:** Sesións prácticas (mañá e tarde)
- **Día 16:** Sesión práctica de mañá. Pola tarde, visualización dos traballos, comentarios e valoracións.

## ¿Que preciso levar ao obradoiro?

Cámara dixital coa que estea familiarizado e que dispoña de enfoque e modo manual.

Unha lente, preferiblemente fixa, un 28, 35 ou 50mm (ou equivalentes no caso de APSC, micro 4/3...).

De non telo, vale un zoom que se poida utilizar con algunha desas distancias focais.

Un ordenador portátil para procesar e editar o traballo a visualizar.

As prácticas desenvolveranse visitando os distintos espazos relevantes do festival:

- Pinar de Morouzos e zona de acampada.
- Alameda e xardíns, explanada dos concertos e praza de Isabel II.
- Espazos de concerto con pasas ao backstage e acceso ao foso do escenario.

## DESCRINCIÓN E OBRADOIRO:

¿ Que é a fotografía de rúa?

- Explicaremos en que se fundamenta este subxénero da fotografía documental.
- Mostraremos exemplos dos traballos dalgúns dos referentes máis importantes.

Cuestións técnicas sobre a fotografía de rúa:

- Axustes técnicos na cámara e distancias focais máis usadas.
- Uso da hiperfocal.
- A composición.
- Como conseguir fortes efectos visuais.
- Como superar o medo a realizar fotografías na rúa.
- Como reaccionar se alguén non quere que lle quites unha foto ou che pide que a borres.

Durante os días do taller procuraremos a mellora nas habilidades en:

- Como utilizar a cámara rapidamente en diferentes situacións.
- Como aumentar a súa confianza para facer instantáneas e achegarse á xente nas rúas.
- Como dominar a composición e crear fortes efectos visuais.
- Como traballar sobre un tema e desenvolver o seu estilo persoal.

Como remate do traballo, os alumnos enviarán unha selección de fotografías, coas que se elaborará un vídeo do traballo realizado. Este será publicado nas redes sociais e na web persoal de Alberte R. Pereira e na do festival, se o estima oportuno.

## QUEN PODE ASISTIR?

Este obradoiro está pensado e é ideal tanto para fotógrafos que se inician na práctica deste subxénero como para fotógrafos experimentados.

Será unha experiencia onde se adquirirán coñecementos sólidos, tanto a nivel práctico como teórico, e onde realizaremos comentarios sinceros e construtivos para mellorar as nosas fotografías de rúa.

---

### **Alberte R. Pereira** (A Guarda, 1964)

*É un fotógrafo autodidacta e independente.*

*Despois dos seus primeiros contactos nos anos 80, é a partir do 2012 cando realmente se implica máis decantándose pola fotografía de rúa sobre todo, máis tamén lle interesa a documental e a reportaxe.*

*Unha pequena cámara é a súa compañeira e ferramenta coa que actualmente se adica a percorrer as rúas e ser testemuña do que pasa nelas.*

*As súas imaxes teñen sido publicadas en medios escritos e dixitais e foron expostas en salas de Vigo, Santiago, A Coruña, Ferrol, Lisboa, Miami, Londres e San Francisco.*

*Foi finalista no Miami Street Photography Festival (MSPF) 2015, no London Photo Festival e no StreetPhoto San Francisco 2016. Seleccionado no TOP 100 do LensCulture Street Photography Awards 2016.*

*A súa primeira exposición individual “Unha mirada subxectiva do cotián” (2014-2015), percorreu durante máis dun ano o territorio galego, norte de Portugal e Lisboa.*